



O negocio do vento continúa a engrosar ano tras ano. As enerxéticas facturaron uns ingresos superiores aos 8.000 millóns de euros desde 2013. O arranque a semana pasada do proceso para as primeiras poxas da eólica mariña abren novas expectativas entre as grandes empresas. **Texto X. M. Piñeiro**

As enerxéticas ingresaron 561 millóns de euros en 2025 polos seus eólicos na Galiza

A produción dos aeroxeradores nos montes galegos superou os 8.609.000 MWh

O vento continúa a traducirse en euros no balanço anual de contas das enerxéticas. Segundo o informe que vén de publicar Rede Eléctrica Española (REE), os ingresos obtidos polas corporacións enerxéticas ao longo de 2025 procedentes dos muíños instalados nos montes galegos situáronse en 561,3 millóns de euros. Unha cifra superior á obtida pola explotación enerxética dos ríos galegos, que foi nese mesmo exercicio de 545,2 millóns. 561.366.189 euros exactamente. Unha cantidade inferior á que se obtivo neste mesmo negocio no exercicio anterior, 2024, que fora de 676,1 millóns de euros, como consecuencia da caída do prezo da electricidade no mercado grosista.

A xeración eléctrica de orixe eólica foi na Galiza o ano pasado de 8.609.909 megawatts por hora (MWh). Atendendo aos datos achegados por Rede Eléctrica para 2025, significou case a metade do conxunto da electricidade renovábel e ao redor de

40% da producida na Galiza por todas as tecnoloxías de xeración —renovábeis ou non—. O prezo da electricidade no mercado grosista rexistrou un custo medio para a anualidade pasada de 65,2 euros MWh. O balance da Rede Eléctrica tamén rexistra como 31% da enerxía producida na Galiza vai para fóra, expórtase. Entre 2013 e 2025 os ingresos que as enerxéticas tiraron do vento galego achegáronse a 8.300 millóns de euros.


Fernando Branco, membro do Colectivo de Debate Enerxético Bidán, explica a *Nós Diario* que desde 2021 a enerxía renovábel que se produce na Galiza "supera o consumo que hai aquí". Chama iso, si, a avanzar no "almacenamento enerxético, que non é doado" para que "poidamos reservar a renovábel dos meses que se produce moito para aqueles en que se produce menos", sempre desde unha planificación "centrada" nos intereses da Galiza.

Canon e eólica mariña

A eólica volta a estar desde o inicio de ano nun primeiro pla-

no. Por unha parte, polo cambio normativo introducido polo Goberno galego no canon eólico, que suporá rebaixas fiscais ás enerxéticas neste concepto. Non é a primeira vez que o canon eólico é motivo de crítica. En 2024 *Nós Diario* publicaba que a recadación en base ao canon recadaba menos malia haber máis parques eólicos. En 2016, o canon eólico recadaba na Galiza 23.062.774 euros. Había naquel ano, segundo datos da Asociación Eólica da Galiza (AEG), 126 parques en territorio galego que representaban unha potencia instalada de 3.259 MW. Cinco anos despois a recadación do canon eólico foi 4% máis baixa que en 2016: 22.142.071 euros malia haber 187 parques eólicos (31 máis que en 2016).

A outra novidade foi a decisión a semana pasada do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Miteco) para abrir o proceso que leve á primeira poxa da eólica mariña. Enerxéticas e multinacionais teñen presentado e tramitado máis de 20 proxectos de eólica mariña para Galiza. Repsol, Ferrovial,



A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lourenz, nun acto esta semana. Á dereita, aeroxeradores en Aranga (As Mariñas).

Iberdrola ou a multinacional italiana Eni son algúns dos nomes que están detrás deses proxectos. Todos suman máis de 10.000 MW de potencia. As empresas interesadas en desenvolver proxectos de eólica mariña na Galiza levan desde o exercicio 2021 tramitando os seus proxectos diante do Ministerio.

Rosa Regueiro, profesora titular de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), sinala a *Nós Diario* que teme "que o modelo que se aplique para a eólica ma-

GALIZA PRODUCE MÁIS DE 14% DA EÓLICA DE TODO O ESTADO



A EÓLICA MARIÑA CONCENTRA AGORA OS INTERESES DAS GRANDES EMPRESAS



riña sexa unha copia do que se fixo para o desenvolvemento en terra", onde non é a sociedade galega a principal beneficiada. Os datos da Asociación Empresarial Eólica (AEE) inciden en que Galiza xa produce 14,5% da enerxía eólica do Estado. Cinco comunidades autónomas xeran 80% da enerxía eólica. Galiza, só está por baixo do 20,5% de Castela León, do 18,8% de Aragón e do 14,7% de Castela-A Mancha. Segundo os datos da patronal eólica española, hai instalados no territorio galego até 186

parques eólicos (o que supón 13,2% do total estatal, só superados polos 291 de Castela e León e os 206 que hai en territorio de Aragón).
Beneficios millonarios para as eólicas
Os beneficios das empresas eólicas son elevados. Os estudos elaborados por diversos organismos independentes estiman nun prazo inferior a catro anos a recuperación do investimento necesario para erguer un parque eólico, algo que non acontece en case ningún proxec-



Rosa Regueiro
Profesora de Economía na USC
"Parece que o modelo para a eólica mariña pode ser unha copia do que se fixo para a eólica en terra"



Fernando Branco
Membro do Colectivo Bidán
"Desde o ano 2021 a enerxía renovábel que se produce na Galiza é superior á renovábel que consumimos"

to económico. Galiza representa unha parte importante na conta de resultados das compañías enerxéticas con sede en Madrid. Neste sentido, catro grandes cotizadas do Ibex 35 acaparan máis de 56% dos megawatts eólicos despregados na Galiza. A teor disto, a profesora de Economía Aplicada na USC Rosa Regueiro, incide en que os principais beneficiarios da enerxía eólica na Galiza non son os seus habitantes. "80% dos beneficios van para fondos de investimento de Estados Unidos, Luxemburgo ou Qatar", afirma.

Ibex 35

Catro multinacionais controlan 60% do vento

X. M. P. | Nòs Diario

Galiza representa unha parte importante na conta de resultados das compañías enerxéticas con sede en Madrid. Neste sentido, catro grandes cotizadas do Ibex 35 acaparan máis de 56% dos megawatts eólicos despregados na Galiza. En concreto, Iberdrola retén o liderado ao sumar unha vintena de parques eólicos que contan cunha potencia conxunta de 623,7 megawatts. Esta enerxética acapara así 15,8% do total a través dunha tecnoloxía que é o seu principal na Galiza, tendo en conta que coa hidroeléctrica abeira os 2.000 megawatts. A seguir figura Endesa, que controla 565 megawatts a través de sociedades como Enel Green Power España, Enerxías Especiais de Careón ou Paravento, entre outras. A Endesa séguela Acciona, que supera a vintena de parques eólicos na Galiza e entre todos eles suman un total de 542 megawatts de potencia. Os rexistros do Inega revelan que Naturgy ten baixo o seu control un total de 18 parques eólicos de 487,6 megawatts de potencia. Supoñen 12,3% do total de capacidade instalada a través desta tecnoloxía en chan galego. Completa o top 5 das "donas" do vento galego a firma Eurus, de capital nipón, e que desprega un total de 471,3 megawatts eólicos na Galiza.